

Resolución do 17 de xullo de 2020, do Director-Xerente, no proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Enxeñeiro/a de Camiños, Canles e Portos resultante do período de actualización de listas de outubro de 2019, pola que se aproban e se fan públicas as listas previas definitivas desta categoría.

Por resolución do 03 de xullo de 2020 da comisión de selección, publicada na páxina web de SEAGA, aprobáronse e fixéronse públicas as listas previas provisionais de candidatos/as na categoría de Enxeñeiro/a de Camiños, Canles e Portos, resultantes do período de actualización de méritos.

Transcorrido o prazo establecido para a presentación de reclamacións sobre ditas listas previas provisionais, de conformidade co establecido nas bases xerais 2.1.3 e nas bases específicas 2.1.2 das que rexen o proceso, este Director-Xerente, **ACORDA:**

Primeiro.-Resolver as reclamacións efectuadas.

Resolver as reclamacións efectuadas contra a aprobación das listas previas provisionais de candidatos/as publicadas e aprobadas por resolución do 03 de xullo de 2020 da comisión de selección.

Segundo.-Facer públicas as listas previas definitivas de candidatos/as trala resolución das reclamacións efectuadas contra as listas previas provisionais de candidatos/as.

Facer públicas as listas previas definitivas de candidatos/as, trala resolución das reclamacións efectuadas contra as listas previas provisionais de candidatos/as, resultantes do período de actualización de listas, por duplicado exemplar, un exemplar no que os/as candidatos/as figuran por orde descendente á puntuación obtida tralo baremo de méritos, co D.N.I., ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais, discapacidade e puntuación, e outro exemplar no que os/as candidatos/as figuran por orde ascendente do D.N.I, ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais, discapacidade e puntuación, que se poden consultar na páxina web de SEAGA escollendo a categoría correspondente, según o perfil/ís e ámbito/s territorial/ais seleccionados polo/a candidato/a no Anexo I da solicitude.

Santiago de Compostela, a 17 de xullo de 2020.

O Director-Xerente.

Asdo: Pablo Arbones Maciñeira

